



EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día


26 de novembro de 2015

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil quince; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras Sr. D. JAIME CASTIÑEIRA BROZ, Sra. D.^a ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, Sra. D.^a MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, Sr. D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, Sr. D. ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, Sr. D. MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, Sra. D.^a MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, Ilmo. Sr. D. JUAN CARLOS GÓNZALEZ SANTÍN, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural; Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; Ilmo. Sr. D. JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Deportes e Infraestruturas Urbanas; Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Sr. D. SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, Sra. D.^a MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, Sr. D. IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Sra. D.^a MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, Sr. D. JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e Sr. D. CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste Sra. D.^a ISABEL DEVESA PIÑEIRO. Abandona o salón de sesións, antes de levantarse esta, DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, que o fai as 19,00 horas, cando se está a tratar o Rogo D).

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.





SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

PROPOSICIÓNS


5/176 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 278/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVERSIÓN DO EDIFICIO DA BIBLIOTECA DA PIRINGALLA NUN NOVO ESPAZO MULTIFUNCIONAL, HABILITANDO ÁREAS INTEGRAIS DE EDUCACIÓN E LECER.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a que leve a cabo as xestións oportunas para que o edificio que iba a ser a biblioteca municipal da Piringalla se converta ademáis dun espazo destinado á biblioteca, nun centro multifuncional, habilitando áreas integrais de educación e lecer como unha ocioteca, unha ciberaula, un laboratorio de idiomas, aulas de reforzo escolar, unha sala de comunicación ou orientación e resolución de conflitos con soporte psicopedagóxico e social.

6/177 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 279/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS PARA OS CONTIDOS DA WEB MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a elaborar unhas normas ou código de boas prácticas para regular os contidos da web do Concello de Lugo.

7/178 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 282/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á REDACCIÓN DUN MARCO REITOR DA CONTRATACIÓN PÚBLICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Encargar ós servizos técnicos e xurídicos municipais a elaboración dun marco de principios reitores de carácter xeral que garantan a eficiencia e sustentabilidade das contratacións públicas promovidas polo Concello. Criterios, todos eles, orientados a mellorar en esixencia as políticas locais en materia social, medioambiental e de innovación, criterios que fomenten a inclusión laboral, os controis das subcontratacións, das condicións de contratación do persoal -que se controlen as condicións das persoas que traballan para as empresas nas concesións, nas obras e demais- e tamén o control do pago a provedores, e promoción das pemes e cooperativas.

SEGUNDO.- Incorporar este marco de principios reitores, unha vez redactado, a tódolos procesos de contratación públicos, conforme ó recollido polo



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15extractoap15

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-11-2015

artigo 118, do texto refundido da Ley de Contratos 3/2011, como condición fundamental de execución nos pregos de contratación.

TERCEIRO.- Que, como principal responsable de que o anterior punto se convirta en realidade, o equipo que integra a Xunta de Goberno se comprometa a aplicar este marco de principios reitores como requisito en tódolos procesos de contratación que así o permitan.

8/179 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 288/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DO SERVIZO DE BOMBEIROS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Goberno Municipal iniciará as xestións necesarias para poder completar a plantilla necesaria do corpo de bombeiros.

SEGUNDO.- O Goberno Municipal iniciará as xestións necesarias para acometer a funcionarización dos 6 postos de traballo que están a día de hoxe en carácter de interinidade.

TERCEIRO.- Manterase un proceso selectivo bianual para ter unha renovación constante das xubilacións.

CUARTO.- Realizárase unha revisión periódica do material laboral existente.

QUINTO.- Que estes acordos sexan extensivos a todos os departamentos municipais.

9/180 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 289/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA DESMONTABLE PARA A PISCINA EXTERIOR EN FRIGSA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Goberno Municipal a que nos orzamentos do ano 2016 se inclúa unha partida orzamentaria para levar a cabo os estudos e proxecto necesario para instalar unha cuberta desmontable na piscina exterior de Frigsa.

10/181 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 298/2015 DE REXISTRO DE PLENO, A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.


SEGUNDO.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

11/182 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS, NÚMERO 299/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO GASTO EN DEPORTE E AXUDAS ECONÓMICAS RELACIONADAS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar unha revisión exhaustiva e continua das instalacións deportivas municipais, para que contén con mantemento axeitado e se encontren en boas condicións para o seu uso, atendendo de forma prioritaria calquera queixa ou reclamación ao respecto.

SEGUNDO.- Inclusión nas bases de axudas económicas concedidas polo Concello, sobre todo nas nominativas, a avaliación da eficacia da subvención outorgada, para poder optar de novo a ela. Sen prexuízo do control financeiro e de eficacia atribuído á Intervención Municipal, os diferentes departamentos e organismos deberán avaliar os proxectos subvencionados executados co fin de analizar non só os resultados deportivos acadados, senón tamén a súa utilidade e impacto social e as súa contribución social. Avaliación que xa deberá contar para poder optar ás próximas axudas.

TERCEIRO.- Redistribución das subvencións nominativas. Parte de esta cantidade pasaría a engrosar o total do presuposto das de concorrencia e o talento deportivo, que se rixen por uns requisitos específicos e por criterios de valoración,



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15extractoap15

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-11-2015

examinadas pola comisión de avaliación, prestando especial atención a aquelas que promovan e fomenten o desenvolvemento do deporte base.

12/183 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 308/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á REORGANIZACIÓN DA POLICÍA LOCAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Equipo de Goberno a iniciar os trámites para reestruturar o Corpo da Policía Local contemplando entre outros os seguintes eixos, así como todos aqueles que redunden no bo funcionamento do Corpo:

1. Descentralizar o servizo a través dunha nova delegación na zona norte da cidade e habilitando en dependencias municipais do centro da cidade unha unidade administrativa.
2. Reforzar as patrullas de proximidade con efectivos das vacantes dispoñibles.
3. Profundizar na formación dos axentes

13/184 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 311/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DA CIDADE DE LUGO DURANTE O NADAL.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- A organización e posta en marcha, por parte do Concello, dunha programación sociocultural para dinamizar a cidade durante o Nadal e, coincidindo coas vacacións escolares, que inclúa actividades lúdicas, culturais, de promoción da gastronomía, o artesanado e o comercio local, que aproveite os espazos públicos e as instalacións municipais existentes e que promova a participación veciñal e a conciliación familiar tanto no centro histórico coma no resto da capital.

SEGUNDO.- O compromiso do equipo de goberno á darlle continuidade e melloralo nos anos vindeiros para converter Lugo nun lugar de referencia para a celebración e aproveitamento destas datas na provincia.

14/185 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 312/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A UN PLAN DE CONTINXENCIA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Redefinir as funcións dos Servizos Sociais do Concello para esta materia, creando a Oficina de Orientación Enerxética, non co obxectivo puramente asistencial, senón para facer cumprir un dereito cidadano, o acceso a enerxía.

SEGUNDO.- Iniciar os trámites para sacar a concurso a subministración de enerxía eléctrica de tódalas instalacións do Concello de Lugo, xa que non se levou a cabo ningún cambio dende a liberalización das comercializadoras, o que significará un importante aforro na factura eléctrica municipal. Este aforro poderá dedicarse de forma directa a loitar contra a pobreza enerxética.

TERCEIRO.- Creación dun bono enerxético municipal complementario, compatible coas axudas do Estado e da Xunta de Galicia, para aqueles cidadáns que, aínda aplicando o bono social eléctrico, non poidan facer fronte á factura resultante de electricidade e gas co 10% dos seus recursos familiares.

CUARTO.- Concesión de axudas e subvencións destinadas especificamente a mellorar a eficiencia enerxética das vivendas (portas, xanelas, cubertas) priorizando nas axudas ás familias en situación vulnerable.

15/186 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 316/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DOS DANOS CAUSADOS POLAS OBRAS DA AUTOVÍA A-54.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao Ministerio de Fomento, por medio da Dirección Xeral de Carreteras obrigue ás empresas encargadas de levar a cabo os traballos da autovía A-54, ao seu paso polo concello de Lugo, arranxe os desperfectos sufridos nos terreos, pistas e estradas de uso auxiliar para a consecución de ditos traballos.


SEGUNDO.- Esixir que estas actuacións cumpran cos parámetros establecidos nos Protocolos de calidade de obra, coa pertinente colocación de sinais de tráfico e de identificación dos distintos núcleos rurais.

16/187 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 317/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA A LIMPEZA DA MURALLA DE LUGO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar que, de xeito inmediato, por parte da Xunta de Galicia, se realicen os traballos necesarios cara ao adecentamento e limpeza da muralla antes da conmemoración do décimo quinto aniversario da declaración deste ben como Patrimonio da Humanidade.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a que se faga cargo das súas obrigas de mantemento e limpeza da Muralla de Lugo como titular de dito monumento.

17/188 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL, NÚMERO 331/2015 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN NON



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 15extractoap15

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-11-2015

PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE A XESTACIÓN, TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO PXOM.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitar a proposición presentada polo Grupo Mixto (ACE-EU).

18/189 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 332/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ELABORE UNHA ORDENANZA MUNICIPAL PARA PROHIBIR A PUBLICIDADE SEXISTA NA VÍA PÚBLICA DO MUNICIPIO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** que o goberno local desenvolva o marco normativo existente a través dunha ordenanza municipal que prohíba a publicidade sexista na vía pública do municipio de Lugo.

C) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

19/190 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2015, RECOLLIDO NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

TESOURERÍA

20/191 DEUSE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015. s.

D) MOCIÓNS DE URXENCIA

21/192 MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 339/2015 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO ENTORNO DO RÍO MIÑO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Goberno Municipal iniciará de urxencia as xestións necesarias para averiguar se estas obras contan con todos os permisos necesarios que marcan as diferentes lexislacións e normativas.

SEGUNDO.- Que se revisen os acordos de concesión á empresa adxudicataria e se estude a posibilidade de rescisión para que sexa o concello que explote directamente a Fábrica da Luz.

TERCEIRO.- Que este concello de Lugo manifeste unha queixa formal ante a Confederación Hidrográfica e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza por ter permitido esta actuación mentres se fan informe contrarios á creación dunha zona de baño pública.

CUARTO.- Instar ao Concello a que nos pase a información relativa ao que é todo o proxecto da fábrica da luz; á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a que nos pase os informes que alí ten e en función de que se fixeron; e á Deputación Provincial en todo o relativo ao que é a praia fluvial, todo o expediente e os informes que emitiu no seu día a Confederación Hidrográfica.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) **DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 274/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REFORMA E ACTUALIZACIÓN DO PEPRI.**
- B) **DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 291/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA Á EXENCIÓN DO PAGO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA PRAZA DE ABASTOS.**
- C) **DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 295/2015 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE TOMEN MEDIDAS DE CARA AO INVERNO PARA PROTEXER AOS CIDADÁNS QUE NON DISPOÑEN DE TEITO.**
- D) **DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 309/2015 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVO AO ESTABLECEMENTO DUN CALENDARIO DE REUNIÓN CON REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS, PARA CONMEMORAR O ANIVERSARIO DA MURALLA, A CATEDRAL E O CAMIÑO PRIMITIVO, COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.**

PREGUNTAS:

- A) **PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 286/2015 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PRODUTIVIDADE.**

